

Participa no concurso de *Presentacións de Mulleres*

Mulleres máis ou menos ilustres
pero todas importantes



Prazo: 19 de novembro

Entrega de premios:

A semana do 25 de novembro

Consulta as bases



Presentacións de Mulleres

Con ocasión do DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, o 25 de novembro, a EOI Ferrol convoca un concurso de presentacións de **mulleres máis ou menos ilustres pero todas importantes**.

BASES

- 1. Participantes:** Alumnado da EOI Ferrol e das seccións de Cedeira e As Pontes.
(O persoal de centro pode participar sen opción a premio)
- 2. Requisitos:** Elaborar unha presentación dixital dunha muller.
 - Pode ser oral e/ou escrita en formato audio (mp3), tipo PowerPoint (pps(x), ppt(x), odp) ou vídeo (mp4, wmv) de máximo 1 minuto e 30 segundos.
 - Ten que estar nun dos idiomas de estudo da EOI Ferrol (alemán, francés, galego, inglés, italiano ou portugués)
 - Ao final da presentación, teñen que constar:
 - o nome completo do/a autor/a do traballo
 - o grupo no/a que está matriculado/a
 - os créditos : fonte dos textos (orais e/ou escritos), das imaxes, da música, etc.
- 3. Entrega:** As presentacións deben ser enviadas por correo electrónico ao enderezo biblioteca@eoiferrol.org indicando :
 - a) O nome do/a alumno/a.
 - b) O nome do seu/súa profesor/a e do grupo no que está matriculado/a.
- 4. Prazo:** As presentacións deben ser enviadas antes do día 19 de novembro de 2021, **ás 11h00**.
- 5. Premios:** O xurado outorgará **1 premio por idioma**. Poderase descartar algunha proposta ou os premios poderán declararse desertos, se así o estima conveniente o xurado. A decisión do xurado será inapelable. Os premios entregaranse a semana do 25 de novembro se a situación o permite.
- 6. Difusión:** As presentacións serán difundidas na web da EOI de Ferrol e nas súas redes sociais. A finalidade deste material é simplemente pedagóxica. Calquera contido empregado, así como calquera reclamación en relación con eles, son responsabilidade exclusiva do/a autor/a da presentación.
- 7.** A participación neste concurso implica a aceptación das bases.

